

### Obxecto

Axudas dirixidas ás Pemes para o financiamento das actividades integradas en plans que lles permitan sistematizar e fortalecer a innovación da empresa.

En cada solicitude, as pemes poderán incluír unha ou ambas as dúas liñas, que apoian dous tipos de plans diferentes e complementarios:

#### Liña 1

DESEÑA



**Plans de deseño para a innovación e a sustentabilidade**

#### Liña 2

INNOVA



**Plans de innovación en procesos e organización**

### Beneficiarios

- > Microempresas, pequenas e medianas empresas
- > Entidades do terceiro sector de acción social, sen ánimo de lucro con actividade económica que acrediten categoría de peme

#### Exclusións

- > As asociacións, as fundacións e, en xeral, as entidades sen ánimo de lucro, a excepción das entidades do terceiro sector de acción social sinaladas no artigo 4
- > **Liña 1 - DESEÑAPEME:** Pemes que xa resultaran **beneficiarias** dunha axuda no programa Deseña Peme do ano **2022** ou na **liña 1 da convocatoria 2023** e **non presentasen renuncia expresa** a estas con posterioridade á súa resolución de concesión
- > **Liña 2 - INNOVAPEME:** Pemes que xa resultaran **beneficiarias** dunha axuda no programa Innova Peme dos anos **2021, 2022** ou na **liña 2 da convocatoria 2023** e **non presentasen renuncia expresa** a estas con posterioridade á súa resolución de concesión

### Características dos plans

- > Constituirán un **conxunto completo e coherente de actividades** para cada unha das liñas.
- > **Orzamento subvencionable:** mínimo de **50.000€** e máximo de **150.000€** para cada plan.
- > A **duración máxima** de cada plan (e período de execución de gasto) será **ata o 30 de setembro de 2025** Ademais, na **liña 2 INNOVAPEME** a **duración mínima** é **12 meses**.

### Custos elixibles

#### Custos directos

- > Custos de persoal, propio ou de nova contratación, segundo condicións do artigo 9
- > Custos de adquisición de propiedade industrial
- > Custos de material, subministros e produtos similares (incluídas licenzas de software non amortizables)
- > Subcontratacións (máximo 50% dos custos directos)
- > Custos de obtención, validación e defensa de patentes e outros activos inmateriais e obtención de certificacións
- > Custos de servizos de asesoramento en materia de deseño e/ou innovación
- > Custos de servizos de apoio en materia de innovación
- > Custos de amortización do equipamento e material instrumental inventariables

#### Custos indirectos

- > O importe resultante de aplicar unha porcentaxe do 20% aos custos directos do plan

### Orzamento



INNOVA PEME

**3 M€**

DESEÑA PEME

**1,5 M€**

**AXUDA: 50%, subvención a fondo perdido: entre 25.000 e 75.000€ por plan**

- > En total unha peme pode obter ata 150.000€.
- > Anticipo ata o 70% da subvención concedida. Para a primeira anualidade, poderase solicitar ata o 100% da subvención concedida.



XUNTA  
DE GALICIA

## Plans de deseño para a innovación e a sustentabilidade

## ACTIVIDADES INCLUÍDAS NO PLAN

## Deseño de produto



Concepción e desenvolvemento de **produtos novos** ou, no caso de **redeseño dos xa existentes**, que se aprecie unha mellora substancial desde o punto de vista estético, funcional, técnico/productivo e económico

- > Deseño circular para conseguir novos produtos sustentables.
- > Deseño dixital, sempre que estea asociado ao produto.
- > Deseño de identidade, é dicir, elementos de identidade gráfica, envase, embalaxe e comunicación ligados ao produto.

## Deseño de servizos e experiencias



Concepción e desenvolvemento de **servizos e experiencias novos** ou, no caso de **redeseño dos xa existentes**, que se aprecie unha mellora substancial dende o punto de vista estético, funcional, técnico/productivo e económico

- > Deseño dixital, sempre que estea asociado ao novo servizo ou experiencia.
- > Deseño de identidade, é dicir, elementos de identidade gráfica e comunicación ligados ao servizo ou experiencia.

## Deseño de marca e identidade corporativa



**Formulación de proxectos de identidade corporativa** e marca das empresas nos seus diferentes niveis (empresa, marca e produto/servizo), con especial atención á representación de valores sustentables e innovadores

- > Traballos de deseño gráfico, identidade visual, packaging, creación de soportes dixitais e outros, necesarios para configurar a estratexia de branding coa que a empresa proxecta a súa estratexia cara ás persoas e o mercado.

## Subcontratación de profesionais do deseño

- Entidades provedoras de servizos de deseño
- Profesionais do deseño
- Estudos de deseño
- Empresas externas de servizos de consultoría especializadas nas disciplinas de deseño



Podes consultar provedores de servizos de deseño [mapadesenogalego.gal](http://mapadesenogalego.gal)

O profesional ou equipo de profesionais colaboradores externos que presten o servizo deberán dispoñer dunha titulación ou recoñecemento no ámbito do deseño específico no que participen e contar cunha experiencia demostrable superior a 2 anos na prestación de servizos similares aos solicitados pola empresa.

No teléfono: **981 337 133 / 981 337 129 / 981 337 179 / 981 570 007 / 981 957 000**

No enderezo electrónico: [axudascentros.gain@xunta.gal](mailto:axudascentros.gain@xunta.gal) / [programadeseno.gain@xunta.gal](mailto:programadeseno.gain@xunta.gal)



**XUNTA  
DE GALICIA**

## Plans de innovación en procesos e organización

## ACTIVIDADES INCLUÍDAS NO PLAN

## Actividades de innovación



Servizos externos que preparan ás pemes para innovar a través de asesoramentos e apoios que complementan as súas capacidades internas

- > Auditoría / consultoría en produto/servizo
- > Estudos de viabilidade técnica e industrial, económica e /ou de mercado
- > Protección da propiedade industrial e intelectual
- > Asesoramento para a transferencia de tecnoloxía
- > Obtención de certificacións de normas oficiais vinculadas á actividade innovadora (incluído selo startups)
- > Asesoramento para a xestión de proxectos colaborativos de I+D+i
- > Asesoramento para o acceso a financiamento da innovación

## Innovación en procesos



Proceso novo ou mellorado para unha ou máis funcións de negocio que difiren significativamente do proceso de negocio anterior da empresa e que se poñen en uso por primeira vez

- > Métodos de fabricación ou produción de bens ou servizos innovadores
- > Sistemas lóxicos ou métodos de entrega ou distribución industrial
- > Métodos innovadores nas operacións administrativas, contables ou de marketing
- > Innovacións en procesos con beneficios medioambientais
- > Testado preindustrial de tecnoloxías facilitadoras

## Innovación en organización



Método novo ou mellorado para unha ou máis funcións relativas á organización empresarial e as súas interaccións, que difiren significativamente dos métodos anteriores da empresa e que se poñen en uso por primeira vez

- > Creación de departamentos / unidades de investigación ou innovación (salvo no caso de que xa se tivera financiado en convocatorias previas ao mesmo beneficiario)
- > Deseño e desenvolvemento de novos procesos de organización
- > Validación, a través de pilotos, de novos métodos ou metodoloxías enfocadas á:
  - Mellora organizacional no negocio ou a organización do traballo
  - Xestión do coñecemento ou a toma de decisións
  - Xestión dos recursos humanos e a responsabilidade social
  - Relacións cara o exterior (con provedores, clientes, intermediarios...)



Nos teléfonos: 981 957 008 / 981 957 017 / 881 999 121

No enderezo electrónico: [servizos.gain@xunta.gal](mailto:servizos.gain@xunta.gal)



XUNTA  
DE GALICIA

